Sumario

- **D. Manuel Fraga Iribarne ante a presencia de cinco mil gaiteiros congregados** 4
- **José Hervella Cereijo**
  Tomás Vega Pato 6
- **Reflexións dunha campiona gaiteira**
  Ana Belén Rodríguez André 9
- **A gaita na Filatelia**
  Ernesto Iglesias Almeida 10
- **A gaita galega nas forzas armadas españolas** 12
- **Gaita y tambor ourensanos para el Tercio de Gallegos de Buenos Aires** 13
- **Resumen Conferencias do I Congreso de Gaita da «Terra de Trasancos»**
  -«De artesáns e gaiteiros: Crónica dunha evolución»
  Antón Varela Cachaza 16
  -«Iconografía da gaita no Noroeste peninsular da Iberia»
  Xosé Lois Foxo 17
  -«Música tradicional e música folc: Novos xeitos de compoñer para gaita»
  Anxo Lois García Pintos 18
  -«Bandes de Gaites en Asturias: Nueva fórmula en una antigua tradición musical»
  José Ángel Hevia Velasco 19
- **Clasificación VII Liga Galega de Bandas de Gaitas Tempada de 1996/97** 20
- **VII Campionato Nacional de Bandas de Gaitas Cabeza de Manzaneda: 27 de Xullo 97** 23
- **Síntese biográfica do director-compositor de folclore galego D. Ramón González Enríquez**
  Eduardo Rogero Magide 24
- **Tipología de los instrumentos de viento según la forma de producción de las notas**
  Typologie des instruments à vent selon leur mode de prodution des notes
  Autor: Jean-Luc Matte
  Traducción: Alfonso García-Oliva 28
- **Secuencias da XII Xuntanza Internacional de Gaiteiros celebrada na Praza Maior de Ourense (17-05-1997)** 35
- **Asociación de Gaiteros Gallegos Argentinos (AGGA)**
  Norberto Pablo Cirio 39
- **Lenda do gaiteiro Svanda -Festival en Strakonice-**
  Sage über den dudelsackpfeifer Svanda -Festival in Strakonice-
  Autor: Josef Rezny
  Traducción: Xosé Lois Foxo 44
- **Breve noticia dun Bastón de Mando...**
  Fernando Dopico Blanco 47
- **Gaitas nos frescos medievais de Eslovenia**
  Sackpfeifen in mittelalterlichen Fresken Solweniens
  Autor: Fritz Schneider
  Traducción: Xosé Lois Foxo 48
- **Ezequiel dos Santos**
  Mário Correia 52
- **Carta: Escuela de Gaitas «Manuel Urbano García»**
  Miriam Estela Suárez 56
- **Cántara** 57
- **Gaita sanabresa en Do** 58
- **Requinta da Ulla en Fa** 60
- **Discografía Galega**
  Manolo Garrido 61
- **IV Curso de Jueces**
  José Manuel Cal Martínez 68
- **In memoriam «Ramiro Couce Amado»** 71
- **In memoriam «Anthony Baines»** 71
- **Un dos gaiteiros máis vellos de Galicia foi enterrado na súa Catoira natal** 72
- **Banda de Gaitas de Vilamarín** 73
- **Fantasías de David Bourguer** 74
- **Novidade Editorial da Escola de Gaitas da Deputación de Ourense** 75
- **Antonio López Quiroga y Somoza** 77
- **Carta: El Alcalde de Jaca** 77
- **A Galicia de Moctezuma**
  Miguel Gómez 78
- **Presentación CD da Banda de Gaitas «Ancoradoiro»**
  Javier María López Rodríguez 81
- **A Gaita: Evolución dunha concepción**
  Xohán Manuel Xil Páxaro 82
- **Secuencias Fotográficas 1997** 84
- **Equipo Informático de Documentación da Escola de Gaitas da Deputación de Ourense** 86
- **Novidades Discográficas 1997** 87
- **Novidades Editoriais 1997** 88
- **Calendario de Actividades no eido da Gaita 1997** 91
- **A la Real Banda de Gaitas de Ourense**
  Rogelio Otero 93
- **Oda a «Xosé Lois Foxo»**
  Fernando Dorrego Bouzán 94
- **La Escuela y la Real Banda de Gaitas de Ourense**
  José G. López 95

Anuario da Gaita 1997

Edita: **Escola Provincial de Gaitas Deputación de Ourense**
Apartado postal, 520
Tlfs., 988 227 300 - 988 227 314 - Fax: 988 244 350
32080 OURENSE (España)
INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN INTERNET ESCOLA DE GAITAS E REAL BANDA
Correo electónico: rbo@realbanda.com
Páxina Web: www.realbanda.com
Dirección IP para videoconferencias: 195.77.240.209
o software para videoconferencias pódese obter gratuitamente: www.vdo.net
Dep. LEGAL: OU-92/98

En portada: **Adoración dos pastores**
Museo Nacional de Bayern en Munich-Alemania (1523/24) (Foto: Fritz Schneider)

Presentación

Unha vez máis teño o pracer de escribir unhas palabras para encabezar o Anuario da Gaita, que fai o número 12, recollendo os aconteceres máis salientables no mundo da gaita ao longo do ano 1997.

É para min motivo de satisfacción ver como a cultura da gaita *vai a máis* de ano en ano e como Galicia se da a coñecer dignamente por todo o mundo gracias a un traballo que nos prestixia a todos os que amamos a cultura.

Detrás de unha gran obra hai sempre un gran traballo. O traballo desenvolto dende a Escola de Gaitas queda reflexado na súa enorme obra: milleiros de alumnos, non somentes na Galicia Territorial, senón tamén na do Exterior, importantes publicacións, ensino da gaita por vía dixital, actuacións en cada recuncho do mundo. En fin, un traballo feito con un entusiasmo que nos contaxia a todos; xa quixéramos que outras empresas que nos ocupan se desenvolveran con ese dinamismo.

A historia da nosa cultura musical terá un antes e un despois da posta en marcha da Escola de Gaitas desta Deputación, polo que, unha vez máis, quero expresar o meu apoio incondicional a unha obra que nos enche de orgullo a todos os que nos sentimos amantes de Galicia.

Asimesmo agradecer sinceramente aos prestixiosos investigadores que, ano tras ano, nos sorprenden coas súas novidades nunha obra que xa forma parte da historia de Galicia como é o Anuario da Gaita.

Xosé Lois Baltar Pumar

Presidente Deputación de Ourense

Cinco Mil Gaiteiros

Praza do Obradoiro, día 9 -12-1997

TOMA DE POSESION PRESIDENTE FRAGA

Discurso na Praza do Obradoiro do Presidente da Xunta de Galicia, o día 9 de Decembro de 1997

D. Manuel Fraga Iribarne ante a presencia de cinco mil gaiteiros congregados

Excelentísimas Autoridades e Representacións

Pobo de Galicia:

Neste momento inesquecible, perante este espectáculo incomparable da Praza do Obradoiro, marco único que contemplou tantas concentracións de peregrinos do Señor Santiago, e as visitas de papas, reis e xentes de toda a Cristiandade, quero pensar e sentir que toda Galicia se atopa a si mesma, máis alá da política menor e preto do seu ser máis profundo, máis profundo ser, e da súa conciencia máis auténtica.

Digo isto con tanta maior seguridade e total satisfacción porque non o digo por min, un galego máis, a quen Deus e o pobo na súa xenerosidade quixeron confiar especiais responsabilidades, senón por vós, amigos gaiteiros, que en todo momento, en calquera aldea, en tódalas romarías, nos nosos acontecementos máis entrañables, fostes, sodes e seredes, mentres Galicia alente, a representación máis xenuína da alma do noso pobo. Non estades aquí por ideoloxías ou disciplinas de partido, senón porque sentides unha Galicia máis grande que todos nós xuntos e que vai durar tamén moito máis que nós todos. Vós acompañástela nas súas ledicias e nas súas penas. Eu desexo neste intre, que sexa quen sexa, nesta Galicia libre e democrática, que hoxe desfruta da súa autonomía e da súa capacidade de decisión de cómo desexa ser levada, que esta reunión maravillosa poida acompañar a calquera que teña que sucedernos, como testemuño de que Galicia, parte fundamental do mundo hispánico; irmá de sangue e de cultura do mundo lusitano; encadrado na mellor tradición dos pobos celtas; nos momentos importantes nos advirta a todos da nosa responsabilidade ante un pobo exemplar. E aquí, perante as torres que gardan a tumba maior de Europa, a de Santiago o Maior, reitero, ó son das nosas gaitas inmortais, un compromiso que cobra especial trascendencia, ó comenzo dun novo século e dun novo milenio. E calo, porque a emoción me impide proseguir, e porque o demais o diredes vós moito mellor coas gaitas.

¡Viva sempre Galicia, e os seus gaiteiros!

José Hervella Cereijo

Constructor de Gaitas

(Cubeiros-Manzaneda)

Tomás Vega Pato
(Fotos do autor)



Torno de José Hervella Cereijo
Cubeiros-Manzaneda (Ourense)

O oriente ourensán, dende sempre, víuse obrigado a unha certa forma de autarquía. Afastado da capitalidade provincial, e carecendo de comunicacións adecuadas coa mesma, tiña que autoabastecerse en gran medida. Deste xeito xurden ás veces persoaxes de gran interese, debido ás súas peculiariedades. Extraordinariamente doutadas pola natureza son capaces de destacar en calquer faceta que se propoñan, resultando beneficiaria a comunidade á que pertencen, e non só esta, xa que a súa producción, sexa de carácter artístico, artesán ou de oficio, chega tamén a outras comarcas configurando así un mapa de distribución moi considerable.

Este é o caso de José Hervella Cereijo, quen, sen outra preparación que a alfabetización nunha escola primaria e a aprendizaxe da carpenta no seu lugar de orixe, complementadas cunha gran afección á lectura, tivo un destacado papel na confección de instrumentos, mobles, utensilios e aparellos varios.

José Hervella Cereijo naceu en Cubeiros de Abaixo, concello de Manzaneda, no ano 1884, e finou no mesmo lugar o día 4 de abril do 1965.

Estaba casado con Carolina Álvarez Alonso, natural das Ermidas (O Bolo). Esta era curmá, coménto como anécdota, da avóa do deseñador Adolfo Domínguez.

José, tamén coñecido como "Godoi", alcume herdado da familia, era home de carácter severo, pero ó mesmo tempo afable. Católico convencido, rezaba tódolos días o rosario antes da cea. Se nese intre había xente de fóra na casa, estivese invitada ou acudise ó fiadeiro, tiñan que acompañalo no rezo. Gustaba de contar contos tradicionais, coma o do lobo que segue ó gaiteiro e só o abandoa ó espantarse cando, casualmente, o home apreta o fol da gaita no que aínda queda un pouco de aire, facéndoa soar.

Tiña moitos libros –a lectura, xa o dixen, era un hábito nel– entre os que



Patróns, ferramentas e pezas de gaitas no banco do obradoiro de José Hervella Cereijo

chaman a atención os tratados de xeometría.

Do enxeño de José é boa mostra, por poñer só un exemplo, a construcción dunha pequena declinatoria, ou compás, sendo tódalas pezas que a conforman da súa autoría. É de reducidas dimensións, xa que o diámetro da caixa metálica que alberga a agulla imanada non supera os 3 cm. Esta vai encastrada nunha madeira, a xeito de caixa, vaciada; ten tapadeira presentando esta a singularidade de que ó abrila libera un dispositivo formado por unha boliña de chumbo de 2 mm, fixada no extremo dunha baraza, a cal queda pendurada da tapadeira permitindo mante–lo aparello en posición vertical, servindo de fiel o centro da circunferencia.

Son moitas as obras que se poderían destacar dentro da súa producción, pero limitarémonos á que interesa ós efectos do soporte no que se publica este artigo; referímonos á fabricación de gaitas.

No seu obradoiro obsérvanse tan peculiares ferramentas e uteis, que dende o primeiro momento se ten a impresión de estar diante de algo que sae do común: patróns, calibres, singulares instrumentos para face–los furos, ferramentas, torno, etc.

Da súa producción quedan en poder da familia algúns mobles que de inmediato chaman a atención do observador: unha cadeira cun insólito e eficaz sistema de plegado; unha capeliña de sorprendente estilo neogótico; unha escribanía, etc.

Referente ó que especificamente interesa ó meu propósito, conserva a familia unha gaita e varios punteiros, feitos por José, cal calidade técnica, por non ter eu os coñecementos necesarios ó respecto son incapaz de avaliar, eso si: semellan ser pezas perfectas, rematadas con esmero.

José chegou a ter moita fama en toda a comarca e alén dela. Mesmo os famosos gaiteiros de Trives, os Trintas,

José Hervella Cereijo,
coa súa dona e un dos fillos

tocaban gaitas feitas por el. Tiña especial amizade con Félix co que coincidía nas festas de San Miguel de Bidueira, a onde ámbolos dous ían invitados.

José tocaba, segundo me din, moi ben a gaita, pero nunca se dedicou a ese mester, salvo nas foliadas do Entroido e na festa da patroa, Santa Lucía, no lugar onde vivía. Esto ten a súa explicación: padecía de asma, a cal se vía agravada pola súa condición de fumador, hábito que tiña fortemente arraigado.

Folión de Manzaneda

Trasmitido por Alberto Cereijo Hervella

Reflexións dunha campiona gaiteira

Ana Belén Rodríguez André

Ana Belén Rodríguez André, gañadora do V Campionato de Solistas celebrado no Teatro Principal de Ourense (21-06-1977)

Eu, como gaiteira da Real Banda de gaitas da Deputación de Ourense, levo vivindo moitas novas experiencias con ela. Este ano foi o máis especial para min. Levaba moito tempo desexando participar no concurso de gaiteiros solistas, pero nunca me atrevín, xa que había moitos gaiteiros moi bos. Miña nai quería que participara, por que non só se ía alí para gañar, senón que tamén para pasa–lo ben. Despois de algún tempo, miña nai convenceume, e participei. Inda que non estaba moi segura de participar, preparei unhas cancións non moi difíciles pero si tiñan que ser bonitas. O día do campionato é memorable. A xente que participaba este ano, sabía tocar bastante ben. Eu xa estaba moi nerviosa, non sabía en que lugar tiña que tocar, ¿e se me tocaba de primeira? ¿e se me tocara de última?; en realidade non sei o que faría pero non creo que me saíra mellor do que o fixen. Os nervios íanme traicionar, pensaba eu antes de tocar; pero non foi así, os nervios axudáronme moito, xa que recordei as miñas experiencias na banda de gaitas:

– Recordei cando fomos a Escocia ós campionatos mundiais, daquela eu era moi pequena e non sabía quen era toda aquela xente que me estaba a mirar, pero gustábame, porque imaxinaba que querían ver como tocaba a nosa banda. Isto facía que eu me sentira alguen importante.

– Tamén recordei cando marchamos camiño do aeroporto de Madrid para coller un avión cara a México. Foi a primeira vez que montei en avión.

– O que máis fresco teño no recordo, é o noso viaxe a Roma. Eu sempre quixen ir alí, que cando o noso profesor dixo que íamos tocar para o Papa, non o podía creer. Era un sono feito realidade, cando era nena, sempre soñaba que ía a Roma e que estaba diante do Papa, e ahora ese sono íase realizar. O día que tocamos para Él, a maior parte da xente estaba tranquila, pero cando chegou a hora da verdade, todos estabamos como flans.

Cando me dín conta xa pasaran os cinco minutos que tiña para tocar no campionato e estaba a piques de remata–la miña actuación. Cando diron as clasificacións, eu estaba moito máis tranquila, eu non contaba con levar ningún premio. Comezaron co terceiro clasificado, que é un compañeiro da escola de gaitas; despois, dixeron o segundo clasificado, que penso que era un rapaz dunha banda de Ferrol; e por primeira vez, despois de tres ou catro anos, o campión non era un campión senón que era unha campiona, e esa era eu. Cando dixeron o meu nome non podía creelo, era imposible, tiñan que estar confundidos; eu non preparara tanto os temas que levei como para leva–lo primeiro premio. Non sabía que facer, se rir ou chorar; o único que sabía era que o conseguira, lograra acada–lo primeiro premio.

Nese momento dinme conta que pertencía a Real Banda de gaitas de Ourense, que gracias a iso poiden tranquilizarme recordando as situacións nas que realmente debería estar nerviosa e non foi así, todo o contrario, sentíame (e índa me sinto hoxe en día cando vou tocar) moi orgullosa de estar tocando para calqueira persoa.

A gaita na Filatelia

Ernesto Iglesias Almeida

A gaita, entre elas a galega, é un dos motivos que a cotío amosan apresentarse nas esculturas, pinturas e debuxos de todos los tempos. Froito deste mundo artístico son os temas tamén amosados pola filatelia, unhas veces representando cadros antigos, outras debuxos feitos pró caso, onde a gaita parece ser un dos motivos principais, senón un dos ambientais das festividades daquel tempo.

Moitos paises teñen a gaita representada nos seus selos. Penso que daría pé para facer unha fermosa temática moi axeitada para os amantes da música da nosa terra e dos nosos instrumentos musicais tan en boga nestes derradeiros tempos.

Dentro deste conxunto habería que resaltar a producción moito mais abondosa dos paises chamados celtas de Gran Bretaña, Escocia e Gales, xunto coas da verde illa de Irlanda, onde a gaita parece sempre estar presente nas antigas representacións dos Nadales, tal coma parece acontecer nas mesmas Galegas. A gaita é símbolo de venturoso gozo ainda que as veces, coma no Bosco, poidera parecer o contrario, deste xeito confirmase a ambivalencia desta temática do mundo dos símbolos medievais.

Polo que conta para a filatelia española, ben probe en temas galegos, principalmente representada nos periódicos Anos Santos Compostelans, somentes ten aparecido un do Ano Santo de 1993, nun dibuxo de Isaac Díaz Pardo representada nas mans dun gaiteiro baixo a doce ollada do Apóstolo e a cuncha do seu símbolo. Ben é certo que noutras ocasións ten

saido nalgun carimbo especial co gallo dalgunha festa o mostra galega comenmorada.

Os temas máis clásicos da gaita son os representados polos grandes mestres da pintura Flamenga do Norde da Europa. Verdadeiramente fermosa é a testa do vello gaiteiro co soprete da sua gaita no dibuxo do afamado mestre Alberto Durero nun selo de Berlín Occidental do ano 1971.

Non menos afamadas son as representacións de cadros dos vellos mestres flamengos presentados pola Bélxica onde sonan os nomes do Mestre de Flemalle, Hugo Van der Goes –deste mestre existiu en Monforte de Lemos unha Adoración dos Magos hoxe no Museo de Berlín, era o úneco que había en España deste mestre–, Brueguel chamado o Vello por ser o fundador dunha dinastía de pintores. Pénsase que foi nado en Brueghel, perto de Breda no Brabante Holandés entre 1525 e 1530. Foi en Amberes no obradoiro de Piter Koeck, artista importante da cidade, onde fixo a sua aprendizaxe, sendo aceptado xa coma mestre na "Guilda de San Lucas" da mesma cidade en 1551. Hai que destacar neste mestre o seu amor e interés polas escenas campestres nos seus máis fermosos e renomeados cadros que hoxe podense admirar nos museos de Viena ou da Bélxica. Entre eles éste da danza dos paisanos, amosándonos que naqueles tempos a gaita era, como na nosa terra foi sempre, o instrumento do pobo que non podía facer falla nas grandes celebracións coma eran as bodas, motivo doutro cadro do mestre, ou neste onde se mostra unha "Kermese" ou festa popular nunha aldea. Dicen os seus biógrafos que o mesmo pintor adoitábase vestir de labrego para ollar ó seu antoxo as esceas que logo pintaba.

Os selos da Bran Bretaña amósanos as máis antigas representacións de gaiteiros nun bordado dun Nadal do ano 1390. Logo noutros tradicionais a moda antiga pero de nova feitura.

Outros países do Leste coma Checoslovaquia, Polonia ou Rusia, xunto con Grecia mostran nas series de instrumentos tradicionais de música diferentes modelos de gaitas como se pode ver na relación de selos do final, que certamente non podemos considerar enteira.

ALEMANIA
Berlín Occidental. 1971 Quinto centenario de Alberto Durero. 10p.
AUSTRIA
1971 La Danza de los paisanos de Breughel el Viejo, 2s gris verde.
BÉLXICA
1976 Nadal do Mestre de Flemalle, 5 Frs.
1982 Adoración dos Magos de Hugo Van der Goes, na Galería Uffici de Florencia, 10 frs.
CANADÁ
1973 Bicentenario da chegada de colóns escoceses a Pictou, Nova Escocia, 8 p.
CHECOSLOVAQUIA
1977 Gaidy. Gaita checa, 30h.
ESPAÑA
1993 Ano Santo Compostelano, debuxo de Isaac Díaz Pardo, 28 pts.
GRAN BRETAÑA
1970. O Anuncio dos pastores, dun códice antigo 4d.
1976. Mesmo tema, bordado de 1320, 11p.
1976. 800 aniversario Cultura Galega Highlands Gathering,11p.
1979. Nadal, os pastores, 10p. Gathering
1982. Os pastores vixiando as ovellas, 12,5p.
GRECIA
1975. Gaita, 6d.
IRLANDA
1980 Gaiteiro irlandés, 15p.
LIBERIA
A danza dos paisanos de Breughel
MONACO
1956 XXVI Rallye Automovil de Montecarlo, Gaiteiro de Glasgow, 100 Frs.
POLONIA
1983, Dudy, gaita polonesa.
RUSIA
1990, Dida, gaita de Rusia.
1991. Mussete de Moldavia.

A gaita galega nas forzas armadas españolas

Alistamento en Vigo dun grupo de soldados lugueses que, antes de sair ao frente, coas baionetas desenvainadas. Os mozos gaiteiros animarían a tropa durante a guerra civil española (1936)

Foi precisamente a raíz da Guerra Civil española no 1936 cando o xeneral Aranda, como recoñecemento ao valor da gaita para levantar a moral da tropa, ordenou que as bandas de cornetas e tambores das forzas armadas españolas incorporasen a gaita.

Voluntarios galegos no frente de Asturias usaron as gaitas durante a Guerra Civil española para alegrar os tempos mortos o que significaria ao xeneral Aranda a incorporar o instrumento de forma oficial.

Gaita construída por Domingo Balboa do Regueiro de Rucireixa, O Cebreiro (Lugo)

Publicado en «LA VOZ DE GALICIA» del día 5 de diciembre de 1997

El regimiento recibió ayer una copia de los instrumentos que usó en la lucha contra los ingleses en 1806

Gaita y tambor ourensanos para el Tercio de Gallegos de Buenos Aires

A la Diputación acudieron vestidos de época el capitán Vázquez y el abanderado De la Goña

Una delegación del Tercio de Gallegos Urbanos Voluntarios de Buenos Aires recibió ayer en la Diputación un tambor, una gaita y un pito gallego, copias de los originales que dicho Tercio usó a principios del XIX en la defensa de aquella ciudad frente a los ingleses. El presidente, José Luis Baltar, entregó los instrumentos al capitán Horacio Vázquez y al abanderado Martín de la Goña, ambos vestidos con los uniformes de época. Les acompañaban el secretario para as comunidades gallegas, Amarelo de Castro y Arturo González, embajador de la comunidad ourensana en Buenos Aires.

En el invierno de 1806, Buenos Aires fue invadida por los ingleses. El 12 de septiembre de aquel año, el virrey, Santiago Linares, ordenó formar milicias populares en prevención de esa segunda intentona. El 20 de septiembre el Cabildo aprobaba el Reglamento del Tercio de Voluntarios Urbanos de Galicia, el más numeroso tras la Legión de Patricios, con 600 plazas y se distinguió como la primera semilla democrática de aquel territorio. Jornada épica fue la del 5 de julio de 1807 al ser el primer escuadrón en salir a defender la ciudad. Aquel día combatió desde los Corrales de Miserere hasta la Plaza de Toros. Allí, rodeados por dos mil ingleses, era preciso abrir paso y fue el capitán gallego Jacobo Varela quien, sin botas ni munición, al grito de Santiago rompió el cerco británico evacuando a los granaderos gallegos.

RESURGIR CON ORGULLO TRAS UN SIGLO

Los gallegos ganaron la batalla. Los Highlanders ingleses desde entonces no pueden usar su estandarte al perderlo en la batalla. Al reberlarse contra el virrey en 1809, el Tercio de Gallegos fue disuelto. Durante más de un siglo permaneció en la memoria de la Escuela Nacional de Náutica y de la comunidad gallega. En 1995, la escuela y los gallegos lograron que Buenos Aires vuelva a ver desfilar a «sus bravos y humanos defensores y así sentir el profundo orgullo de ser argentinos y gallegos», dijo el capitán Vázquez ayer.

Acuarela de la época,
original en el Museo Mitre de Buenos Aires



Copia de la constancia de servicios del
Tercio de Voluntarios Urbanos de Galicia (1808),
extendida por el Cabildo de la Ciudad de
Buenos Aires, donde se hace referencia
a la Gaita de Servicio del Cuerpo.

Original en el Archivo General de la Nación,
informatización de la Escuela Nacional de Náutica

Resumen Conferencias do I CONGRESO DE GAITA DA «TERRA DE TRASANCOS»

(Do 28 de Febreiro ao 1 de Marzo, 1997)



D. Manuel Lorenzo Barxa
(1878-1959)

«De artesáns e gaiteiros: Crónica dunha evolución»

– Descripción do ***tipo de artesanía***:
*ebanista, *carpinteiro, *ferreiro, *mecánico, *músico, *xastre, *zapateiro, *axustador.

– Tipo de ***economía dos artesáns***:
*labregos, *zoqueiros, *barbeiros, etc...

– ***Aillamento tradicional dos artesáns***. Só manteñen contacto entre sí a través dos instrumentos e dos propios gaiteiros.

– O meu primeiro contacto é con Paulino Pérez (Deputación de Lugo, aa. 1970–71).

– ***Antecedentes na construcción de gaitas***:
*Represas, *Riobóo, *Basilio Carril, *Bao, *Enrique Lago.

– ***A hora do despegue dunha gran evolución***:
*Antón Corral, *Obradoiro da Deputación de Lugo, *Ortigueira, *Cooperativa "Soutelo de Montes" (Lugo), *Obradoiro da Universidade Popular de Vigo.

– ***Gran expansión do ensino***:
*escolas de gaitas, *bandas de gaitas, *asociacións culturais, veciñais, etc...

– ***Cambio no concepto***:
*banda, *cuarteto, *solista, *folk.

– ***O tandem artesán–gaiteiro***: ¿quén guía?, ¿quén pedalea?.

– ***Parellas famosas de artesán–gaiteiro***:
*Emilio Corral/Roxelio de Leonardo–Bao, *Antón Corral–"Milladoiro", *Ricardo Portela–Xosé Seivane.

– ***Vínculos permanentes gaiteiro–artesán***.

– ***Experiencia personal***: *Saint–Chartier, *Lost, *Withiel, *Michael Ransley, *Ionatan Swein, *Iulian Goodacre.

«Iconografía da gaita no Noroeste peninsular da Iberia»

✍

*"Corus est pellis simplex cum duabus cicutis". Esta é a referencia máis antiga real á representación dunha gaita da que servidor ten referencia. A expresión está referida á descripción do instrumento que aparece reflectido na copia dun vello texto existente na Escola de Winchester. Ainda que o debuxo non está feito por un gran coñecedor do instrumento, pola descripción do mesmo temos claro que se trata dunha *gaita* (*Corus* é unha simple pel con dúas canas). Esta copia foi realizada entre os anos 1041–1066.

A partires do século X a iconografía europea amósanos abundancia de representacións do instrumento especialmente nas arquivoltas das portadas principais das catedrais europeas. Maiormente, a partires da segunda metade do século XIII a representación de gaiteiros coroados será abondosa. Asemade, debemos salientar a evidente fidelidade ó instrumento saída das mans de grandes mestres da escultura pétrea. É necesario significar o coñecemento que os artistas tiñan do instrumento, reflectido na precisión de execución e proporción das súas partes. Nembargantes, non podemos dicir o mesmo dos amanuenses ou copistas de códices xa que, en moitas ocasións, eran auténticos descoñecedores do instrumento.

Especialmente a partires do século XIV, as reproduccións iconográficas en madeira empezan a ser abondosas, particularmente nas tallas das sillerías dos *coros*; encontrándose unha boa parte das mesmas nos lugares menos visibles dos *sitiales*, especialmente nas propias *misericordias*. Digamos, de paso, que en moitos casos a cornamusa asociouse a imaxinerías luxuriosas, por eso estas esceas eran representadas nos lugares menos visibles.

A precisión representativa do instrumento nos pétreos arcos góticos (normalmente en estado primario, é dicir, carente de *ronco*) era inmensamente máis perfecta cás aparecidas en tempos posteriores.

No Noroeste peninsular, especialmente en torno ó *Camiño Francés*, as representacións de *gaitas e gaiteiros* son importantísimas; o que nos permite facer un perfecto estudio morfolóxico externo do instrumento ó longo das décadas. Sendo, en calquera caso, moi cautos á hora de chegar a conclusións.

Maioritariamente, as iconografías atopámolas na arquitectura ou bibliografía relixiosa. En Galicia podemos presumir de albergar as representacións civiles de *gaiteiros e tamborileiros* máis importantes de Europa. Sen dúbida un gran coadxuvante para un estudio do noso instrumento nacional.

Na presente exposición, só pretendo realizar un pequeno percorrido sobre as representacións do instrumento a partires do século XIII. O que, sen dúbida, é o mellor vieiro para achegarse a unha idea da evolución da *gaita peninsular*. Todo elo dende a óptica de unha simple aproximación, xa que o tema e merescente dun traballo máis profundo.

«Música tradicional e música folc: Novos xeitos de compoñer para gaita»

✍ **Anxo Lois García Pintos**

1.– Introducción.
2.– As fontes.
2.1.– Os cancioneiros.
2.1.1.– Xeitos de utilización
2.2.– A música de recolleita.
2.2.1.– O carácter espontáneo e acientífico da recolleita actual.
– Eivas e logros da recolleita
2.3.– A música de autor.
– O pasado. O presente. A encrucillada do futuro.
3.– As músicas de raíz
3.1.– Influencias e tendencias estéticas.
3.2.– Os desafios da música de raíz na sociedade galega actual.
4.– Epílogo.

* Esta comunicación quere ser unha mostra, inevitablemente incompleta, dos xeitos de utilizar as diversas fontes das que dispoñemos os gaiteiros. Para iso analizamos as fontes por separado: a música dos cancioneiros, o traballo de recolleita actual, a música de autor; mergullándonos sempre nalgúns dos usos e tendencias estéticas xeradas no noso país nos últimos anos.

Tampouco pasamos por alto o momento que, baixo a miña consideración, é clave para un desenvolvemento das músicas que parten do folclore, da consolidación dunhas mínimas estructuras que permitan unha digna distribución do traballo xerado polos músicos do país. Falamos dun circuíto estable de concertos, dunha política cultural favorable, dunhas canles de distribución das producciónS discográficas que aseguren a presencia das mesmas nos mercados, etc.

En suma, facemos un repaso polos aspectos máis artísticos e creativos da música galega e por aqueles outros que deben asegurar a súa vixencia no contexto dunha sociedade e unha cultura marcadas pola imparable mundialización.

Agrupación Cantigas da Terriña de Verín cos «Trintas de Trives» (1926)



«Bandes de Gaites en Asturias: Nueva fórmula en una antigua tradición musical»

✍ José Ángel Hevia Velasco

*Desde principios de los años ochenta, coincidiendo con la eclosión de las escuelas de gaita, vienen surgiendo en Asturias nuevas agrupaciones que en sus sucesivos estadios de evolución, han conseguido ya la aceptación popular; estas formaciones de nueva inserción en una vieja tradición musical pueden ser ya hoy consideradas parte del patrimonio histórico cultural asturiano.

Precisamente el carácter innovador, pero a la vez enraizado en la tradición, y con la clara intención de formar parte de ella, plantea primero a los profesionales, después a los estudiosos, una diversidad de criterios, formas, caminos a seguir sobre los cuales se articula un debate, a veces una polémica, en el panorama gaitero de Asturias, como en nuestra vecina Galicia, o como anteriormente en Bretaña.

El presente trabajo aborda, desde una perspectiva más cercana al reportaje periodístico que al ensayo erudito, la actual situación de las Bandas de Gaitas en Asturias; las diversas concepciones; qué instrumentaciones utilizan; una pequeña historia reciente de la evolución protagonizada por las agrupaciones más representativas; qué es o no es tradicional y si la tradición es algo reivindicable desde el fenómeno banda de gaitas, como invitación a la reflexión profesional.

Con más de una década de trabajo el resultado maduro de un determinado tipo de concepción de la Banda de Gaitas, parece imponerse por pura ley de la aceptación natural del pueblo. Sea éste el que prime en el futuro, sea otro el que perdure, la tolerancia ha de ser un sano ejercicio, en la consciencia de que agrupaciones tales no constituyen sólo conjuntos instrumentales, sino que incluyen en su misma sustancia, pero también en su forma, un discurso determinado sobre la manera de entender a un pueblo como tal y aspiran a ser vehículo de transmisión de la herencia del mismo.

D. Manuel Fraga presidiu a entrega de diplomas na Escola de Gaitas da Deputación de Ourense aos alumnos que superaron o primeiro ciclo de estudios de gaita e percusión (16-10-1997)

Clasificación VII Liga Galega de Bandas de Gaitas

Tempada 1996/1997

PRIMEIRO GRAO

CL	BANDA	PRO	1.ª	2.ª	3.ª	TOT
1.º	**CONCELLO DE CEA**	**OU**	**94**	**95**	**89**	**278**
2.º	**«ZUNCURRUNDULLO»**	**LU**	**92**	**92**	**92**	**276**
3.º	**«LEDICIA»**	**PO**	**92**	**92**	**88**	**272**
4.º	«NOVA FRONTEIRA»	OU	86	88	92	266
5.º	«OS XUNCOS»	OU	88	88	86	262
6.º	CONCELLO DE MANZANEDA	OU	91	83	87	261
7.º	«CHARAMUSCAS»	PO	88	86	85	259
8.º	«A CARBALLEIRA»	OU	85	84	84	253
9.º	«TOXOS E XESTAS»	B	87	84	82	253
10.º	«O PEDRÓN» DE PADRÓN	CO	88	78	84	250
11.º	CONCELLO DO IRIXO	OU	83	84	80	247
12.º	CONCELLO DOS BLANCOS	OU	84	80	82	246
13.º	CONCELLO DE ALLARIZ	OU	82	77	78	237
14.º	«DRAGÓNS VERMELLOS»	OU	83	77	77	237
15.º	ORTIGUEIRA	CO	*	77	*	77

SEGUNDO GRAO

CL	BANDA	PRO	1.ª	2.ª	3.ª	TOT
1.º	**«TERRA DE TRASANCOS»**	**CO**	**79**	**82**	**86**	**247**
2.º	**CONCELLO MONFORTE DE LEMOS**	**LU**	**79**	**88**	**77**	**244**
3.º	**CONCELLO DO CARBALLIÑO**	**OU**	**76**	**81**	**83**	**240**
4.º	«A TORRE» DE MASIDE	OU	76	83	80	239
5.º	«A FOLLATEIRA»	OU	71	83	84	238
6.º	CONCELLO DE VILAMARIN	OU	78	78	81	237
7.º	CONCELLO DE ESGOS	OU	79	76	81	236
8.º	CONCELLO DO BARCO	OU	74	82	78	234
9.º	CONCELLO DE MONTEDERRAMO	OU	71	80	82	233
10.º	«TOCA E BAILA» DE VELLE	OU	71	78	83	232
11.º	LUINTRA-NOGUEIRA RAMUIN	OU	73	78	75	226
12.º	CONCELLO DE CELANOVA	OU	67	79	78	224
13.º	CONCELLO DE CEA-B	OU	68	77	78	223
14.º	«OS TRINTAS» DE TRIVES	OU	69	77	77	223
15.º	A CAÑIZA	PO	70	73	74	217
16.º	PENALONGA-QUINS	OU	70	*	75	145
17.º	«LAGARIÑOS» DE PIÑOR	OU	66	*	69	135

TERCEIRO GRAO

CL	BANDA	PRO	1.ª	2.ª	3.ª	TOT
1.º	**«AIRIÑOS DE SAN XULIAN»**	**PO**	**82**	**79**	**70**	**231**
2.º	**«LENDABELA DOURADA»**	**OU**	**80**	**76**	**68**	**224**
3.º	**CONCELLO XINZO DA LIMIA**	**OU**	**74**	**76**	**69**	**219**
4.º	CONCELLO DE AMOEIRO	OU	72	74	71	217
5.º	«SAN PANTALEON» - FERROL	CO	73	76	67	216
6.º	«FROUMA» DE PIÑOR	OU	74	71	66	211
7.º	PREPARATORIO	OU	78	68	62	208
8.º	CONCELLO DE BEARIZ	OU	68	74	64	206
9.º	«OS GALOS» -RABO DE GALO	OU	73	65	65	203
10.º	«MATO VIZOSO» - VILALBA	LU	72	64	66	202
11.º	ESCUELA MÚSICA CHANTADA	LU	74	65	62	201
12.º	A TARAZANA	OU	71	63	61	195
13.º	«SAN MARTIN» - QUIROGA	LU	67	65	62	194
14.º	CONCELLO DE CENLLE	OU	71	63	60	194
15.º	CONCELLO DE LEIRO	OU	70	60	63	193
16.º	«XUNCOS-B»	OU	67	61	64	192
17.º	CASTRO DE BEIRO	OU	66	62	63	191
18.º	CONCELLO DE COLES	OU	56	63	64	183
19.º	CONCELLO DE VILAR DE SANTOS	OU	67	59	*	126
20.º	«O SON DO SOR»	CO	*	80	*	80
21.º	CONCELLO DE CARTELLE	OU	*	*	69	69

CUARTO GRAO

CL	BANDA	PRO	1.ª	2.ª	3.ª	TOT
1.º	«MANXADOIRA»	PO	72	73	81	226
2.º	«OS DEZAS DE MONEIXAS»	PO	70	74	76	220
3.º	«SAN WINTYLA» DE PUNXIN	OU	58	67	82	207
4.º	CONC. DE CHANDREXA DE QUEIXA	OU	57	73	77	207
5.º	«STA. TERESITA»	OU	62	72	73	207
6.º	«AIRIÑOS» DE ARNOIA	OU	64	66	74	204
7.º	«ANXUIÑA» DE SANTOME	PO	63	63	78	204
8.º	CONCELLO DE CELANOVA-B	OU	64	68	71	203
9.º	CONCELLO DA MERCA	OU	59	70	73	202
10.º	CONCELLO DE VIANA DO BOLO	OU	62	66	70	198
11.º	CONCELLO DE SAN XOAN DE RIO	OU	60	68	69	197
12.º	«OS FACHUQUIÑOS» DE LOBEIRA	OU	60	64	72	196
13.º	CONCELLO DA GUDIÑA	OU	58	61	72	191
14.º	STA. CRUZ DE ARRABALDO	OU	58	65	68	191

continuación Clasificación Cuarto Grao

CUARTO GRAO

CL	BANDA	PRO	1.ª	2.ª	3.ª	TOT
15.º	CONCELLO DE LOBIOS	OU	55	65	67	187
16.º	CONCELLO DE CUALEDRO	OU	55	63	68	186
17.º	PROTECCION CIVIL DE LAZA	OU	58	57	69	184
18.º	CONCELLO DE RAMIRÁS	OU	54	63	64	181
19.º	CONCELLO DE VILAR DE BARRIO	OU	55	59	63	177
20.º	FORNELOS DE MONTES	PO	*	76	84	160
21.º	O CAUREL	LU	*	66	77	143
22.º	RIBADAVIA	OU	*	68	75	143
23.º	MUNICIPAL DE CHANTADA	LU	*	70	71	141
24.º	O CARBALLIÑO-B	OU	*	68	70	138
25.º	«CACHARELA» DE COVAS	LU	67	69	*	136
26.º	«FALCATRUEIROS» DE MONTERROSO	LU	*	65	70	135
27.º	CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA	OU	*	56	72	128
28.º	CONCELLO DE BÓVEDA	LU	*	57	70	127
29.º	ENTRIMO	OU	*	56	67	123
30.º	CONCELLO DE BOBORÁS	OU	*	*	76	76
31.º	«AGARIMO» DE CATABOIS	CO	59	*	*	59
31.º	CONCELLO DE PADRENDA	OU	*	59	*	59
32.º	CONCELLO DE BANDE	OU	*	*	55	55
33.º	LAROA	OU	55	*	*	55

Concentración Final 2.ª Fase VII Liga Galega de Bandas de Gaitas na Praza da Compañía en Monforte de Lemos. (16-03-1997)

VII Campionato Nacional de Bandas de Gaitas
Cabeza de Manzaneda: 27 de Xullo 97

PRIMEIRO GRAO

BANDA	PRO	TOT	CL
CEA	OU	91	1.º
MANZANEDA	OU	90	2.º
LEDICIA	PO	89	3.º
«NOVA FRONTEIRA»	OU	89	4.º
«CHARAMUSCAS»	PO	86	5.º
«OS XUNCOS»	OU	84	6.º

SEGUNDO GRAO

BANDA	PRO	TOT	CL
CARBALLIÑO	OU	85	1.º
MONTEDERRAMO	OU	83	2.º
O BARCO	OU	81	3.º
ESGOS	OU	81	4.º
«A FOLLATEIRA»	OU	81	5.º
«A TORRE» DE MASIDE	OU	78	6.º

TERCEIRO GRAO

BANDA	PRO	TOT	CL
«AIRIÑOS DE SAN XULIAN»	PO	82	1.º
«FROUMA» DE PIÑOR	OU	82	2.º
AMOEIRO	OU	80	3.º
XINZO DA LIMIA	OU	76	4.º
BEARIZ	OU	74	5.º
«LENDABELA DOURADA»	OU	71	6.º

CUARTO GRAO

BANDA	PRO	TOT	CL
MANXADOIRA	PO	82	1.º
CHANDREXA DE QUEIXA	OU	80	2.º
«OS DEZAS DE MONEIXAS»	PO	80	3.º
«SAN WINTYLA» DE PUNXÍN	OU	77	4.º
«AIRIÑOS» DE ARNOIA	OU	75	5.º
SANTA TERESITA	OU	71	6.º

Síntese biográfica do director-compositor de folclore galego D. Ramón González Enríquez

Eduardo Rogero Magide

1ª ETAPA.– OURENSE

O rexurdir dun músico

Naceu en San Pedro de Moreiras (Ourense) no ano 1925, sendo o máis pequeno dos cinco fillos "Do Cabanelas", todos eles músicos.

O primeiro contacto que tivo co folclore galego, foi cando chegou a pertencer ó "Coro de Ruada", do cal foi promotor Manuel Virxilio Fernández, coñecido gaiteiro. Axudando nas labouras da dirección, estaba o noso home, que ademais chegou a cantar de tenor no mesmo grupo, facendo unhas gravacións moi coñecidas daquela, na casa Odeón de Madrid.

2ª ETAPA.– A CORUÑA

O esplendor dun compositor

Aló polo ano 1946 foi chamado para facer o servicio militar na Coruña, onde tomou contacto con membros do Grupo Polifónico "El Eco", onde fixo tamén labouras de colaboración co Mestre, naqueles tempos D. Rodrigo A. De Santiago.

No ano 1953 quedou vacante a dirección do coro "Cantigas do Terra", sendo recomendado polo anterior nomeado D. Rodrigo, para ocupar o cargo, no que permaneceu ata ó ano 1959.

Neste tempo –que foi moi prolífero– compuxo máis de unha vintena de obras curtas, todas elas, dentro do folclore galego, tales como: Alalás, Muiñeiras, Pandeiradas, Foliadas, etc..., a maioría gravadas en discos das casas: RCA Victor, Philips Iberica e Alhambra.

Tamén puxo música a dúas obras maiores, (unha vez feito o libreto Laureano Álvarez, famoso letrista e literato) "Romaxe de Teixido" e "Era outra vez o Muiño", as dúas de raigame galega.

Na obra "Romaxe de Teixido" temos que dicir que por necesidades do libreto, houbo de ser rehabilitada unha zanfoña moi estragada polos anos, para interpretar os temas que tiñan que ver con "Cancións de Cego". O propio director, caracterizado como a ocasión teatral requería, tanxiu o citado instrumento. O gran triunfo de "Cántigas da Terra" foi lembrado pola prensa da época á vez que se louvaba a magnífica interpretación de zanfoña a cargo do mestre González Enríquez.

O boceto lírico "Era outra vez o Muiño" orquestado polo mesmo autor D. Ramón, foi estreado o ano 1958 no teatro Colón da Coruña, con grande éxito, sendo adicado á memoria de D. Perfecto Feijóo, fundador dos coros galegos, no centenario do seu nacemento e coa asistencia do seu fillo no día do estreo, que tivo gran resonancia na prensa na que se resaltaba: "El autor de la música maestro Glez. Enríquez ha compuesto una amplia partitura en la que abundan los aciertos y en la que tienen ocasión de lucirse solistas, coro y bailarines".

Entre outras pezas formaban parte desta obra: Foliada de Muxía; Pandeirada de Mahía: Muñeira número 5; Muñeira número 2 e Maneo de Trabazo, todas elas compostas polo autor ó que nos estamos referindo, das que chegou a dicir a prensa: "al lado de estas canciones, los cantos polifónicos, superiormente dirigidos por el maestro D. Ramón nos han transportado a una celtia quizá totalmente ideal, esa celtia a la que un poeta escocés ha llamado El Pais del Deseo del Corazón". E engade: "...entre los cantos polifónicos, cuya perfección nunca se resaltará demasiado, merece especial mención el Villancico Galego".

Eran notorias as actividades no coro, facendo estreos anuais, sempre tentando renovar o programa musical. Cómpre destacar que en base a estes estreos, facíanse

xiras por toda Galicia e por outras cidades como Burgos e San Sebastián acadando gran renome.

Cando lle tocou o turno ó extranxeiro, foron moi ben recibidos, chegando a repetir a viaxe por terras de Brest, Langonette, Químper (Bretaña Francesa). Tamén participaron nos festivais celtas de Lorient.

3ª ETAPA.–
SANTA CRUZ DE TENERIFE

Os froitos do traballo

Obrigado por razóns especiais do traballo que desenvolvía como funcionario de Mutualidades, víuse na necesidade de trasladarse a esta terra das Illas Afortunadas, concretamente a Santa Cruz de Tenerife, correndo o ano 1959 e permanecendo connosco ata o día da data.

Xubilado en 1991, volve a tomar contacto coa música, percorrendo os pobos, facendo relatos históricos das cincuenta Bandas de Música que temos na Provincia, sendo chamado despois para fundar a "Asociación de Compositores Sinfónicos" e na primeira Asamblea foi nomeado Secretario, cargo que ocupa na actualidade.

Neste tempo voltou á súa labora, –a composición–, con base no folclore canario, sen esquecer o seu temperamento galego que quedou refrexado na súa obra "Añoranzas" (Morriña), estreada no Conservatorio desta cidade en Abril deste año 1997.

Como Conselleiro do Presidente da Federación de Bandas colaborou con composicións xa estreadas, neste momento está a traballar nun Pasarrúas para Banda e Gaitas, co gallo de celebrar o Centenario dunha das Bandas.

Sen deixar estas actividades, en maio deste ano foi nomeado Secretario da Federación Rexional de Bandas.

É o noso desexo rematar este traballo agradecendo a Don Ramón González Enríquez o seu agarimo e colaboración coa Escola de Gaitas deste Centro Galego de Santa Cruz de Tenerife e igualmente o que está a facer nas Bandas de Música coa introducción de gaitas galegas para dar a coñecer o sentimento galego e mellorar os efectos musicais nas devanditas Bandas.

Secuencias dunha vida

O mestre director D. Ramón González Enríquez como gaiteiro de Cántigas da Terra da Coruña

D. Ramón González Enríquez, director de Cántigas da Terra (1953)

D. Ramón González Enríquez



D. Ramón González Enríquez,
na súa labor de compositor actualmente


Isto a nosa
(Para 3 Gaitas)
Julinheira
R. Blez Enrig
Tambor e Bombo
C
1ª vez
2ª vez
D.C. al FINE

Tipología de los instrumentos de viento según la forma de producción de las notas

Typologie des instruments à vent selon leur mode de production des notes

Por JEAN-LUC MATTE
Traducción: Alfonso García-Oliva

Un instrumento de música (melódico o armónico) comporta teóricamente tres elementos principales: uno produce el sonido inicial, el segundo permite modular la altura y el tercero la amplifica. Así, en un violín, la cuerda produce el sonido, el diapasón o bastidor permite variar la altura y la caja de resonancia permite ganar en volumen sonoro. La realidad es algo más compleja, pues estas tres partes no son necesariamente distintas (en un oboe, toda la columna sirve de amplificador, no sólo el pabellón) y algunas pueden ser más o menos compartidas entre el instrumento y el instrumentista (al tocar la guimbarda, el instrumento no hace más que producir el sonido inicial, es la boca del instrumentista la que efectúa la modulación y la amplificación). También podemos hallar otros elementos en un instrumento, por ejemplo, aquellos que permiten actuar sobre el timbre, el tiempo de resonancia, etc...

Es, pues, más apropiado hablar de tres funciones que tiene que realizar la pareja instrumentista-instrumento. Considerar estas tres funciones en el estudio organológico facilita el análisis y permite al instante efectuar un cierto número de comprobaciones: en algunos instrumentos, por ejemplo, disponemos de una paleta de sonidos y de alturas dadas (flauta de Pan, acordeón), mientras que en otros se da un sonido inicial modulable (flauta, oboe), o, como ya hemos visto, existen instrumentos que no aseguran determinadas funciones, que deben por tanto ser asumidas por el músico.

La presente tipología se interesa por la segunda función: el procedimiento de variación de altura del sonido y las posibilidades que de ello derivan (monofonía, polifonía...), la familia de las cornamusas, que es la que nos interesa en primera instancia, presenta efectivamente una gran variedad de instrumentos desde este punto de vista; del instrumento con un único puntero a la muy compleja Uilleann Pipe irlandesa pasando por la Musette barroca francesa o la Zampogna italianas. Este artículo, teniendo en cuenta el conjunto de los instrumentos de viento (flautas, oboes, clarinetes pero también metales, acordeón, órgano...) permite situar a las cornamusas en este todo y percibir mejor esta diversidad de funcionamiento musical que se añade a la diversidad de decoraciones, materiales, sonoridades, etc.

Precisemos por fin que el estudio de la utilización musical de los instrumentos implica observar éstos en sus condiciones de ejecución, y no en tanto que objetos: una flauta de tres agujeros será,

Un instrument de musique (mélodique ou harmonique) comporte théoriquement trois parties principales: l'une produit le son initial, la seconde permet d'en moduler la hauteur et la troisième l'amplifie. Ainsi sur un violon la corde produit le son, la touche permet d'en faire varier la hauteur et la caisse permet de gagner en volume sonore. La réalité est un peu plus complexe car ces trois parties ne sont pas forcément distinctes (sur un hautbois, toute la colonne sert d' amplificateur et pas seulement le pavillon) et certaines peuvent être plus ou moins partagées entre l' instrument et l' instrumentiste (dans le jeu de la guimbarde, l' instrument ne fait que produire le son initial, c' est la bouche du musicien qui effectue la modulation et l' amplification). On peut enfin trouver d' autres parties dans un instrument, par exemple celles qui permettent de jouer sur la couleur du son, sur son temps de résonnance etc.. Il est donc plus approprié de parler de trois fonctions principales à remplir par le couple instrumentistes-instrument. La prise en compte de ces trois fonctions dans l'étude organologique facilite l'analyse et permet déjà d'effectuer un certain nombre de constats: sur certains instruments par exemple on dispose d'une palette de sons distincts et de hauteurs données (flûte de pan, accordéon) alors que d'autres disposent d'un son initial modulable (flûte, hautbois), ou encore comme nous l'avons déjà vu, il existe des instruments qui n' assurent pas certaines fonctions qui doivent alors être reprises par le musicien, etc...

La présente typologie s'intéresse à la seconde fonction: le procédé de variation de hauteur du son et les possibilités qui en découlent (monophonie, polyphonie...), la famille des cornemuse qui nous intéresse au premier plan, présente en effet une très grande variété d' instruments de ce point de vue depuis l' instrument à chalumeau unique jusqu'au trés complexe uillean-pipe irlandais en passant par la musette baroque française ou les zampogna italiennes. Le présent article, qui prend en compte l'ensemble des instruments à vent (flûtes, hautbois, clarinettes mais aussi cuivres, accordéon, orgue...) permet de situer les cornemuses dans cet ensemble et de mieux percevoir cette diversité de fonctionnement musical qui s'ajoute à la diversité des décors, des matériaux, des sonorités, etc...

Précisons enfin que l'étude de l'utilisation musicale des instruments implique d'observer ceux-ci dans leur condition de jeu et non pas en tant qu'objets: une flûte à trois trous jouée seule sera par exemple considérée de manière totalement différente que deux flûtex à trois trous physiquement indépendantes mais

por ejemplo, considerada de forma totalmente diferente de dos flautas de tres agujeros físicamente independientes pero que forman, por su ejecución, una flauta doble polifónica; incluso si los objetos *flautas* son, en este caso, similares. Por otra parte, hemos intentado pasar por alto criterios tecnológicos y retener sólo aquellos que influyen sobre la ejecución del instrumento.

Por supuesto, la tipología que a continuación se presenta no es la única posible para este tema: es el resultado de numerosos ensayos, tanteos, vueltas atrás, refundiciones, etc... pero otras soluciones abandonadas habrían podido no ser peores... El principio de elaboración de una tipología como esta consiste en definir efectivamente los elementos de discriminación y sobre todo en jerarquizarlos, lo que es muy subjetivo. Una vez realizadas estas dos operaciones, obtenemos un árbol en cuyo seno hay que verificar que cada instrumento tiene su lugar. Para conseguir esto hay que añadir ramas...o comprobar que algo no encaja y entonces, volver atrás.

Lo que sigue es el resultado de todo esto, pero, en principio, precisemos:

- Que el término *tubo* es utilizado en sentido muy amplio, incluyendo las formas globulares y los resonadores de lengüetas simples.

